

CULTURA

"'Doce hombres sin piedad' resulta boa para medir o valor das palabras"

Luís Valle, escritor. Desde a Casa



 Luís Valle. EP

REDACCIÓN

30/ABR./20-20:13

→ Unha película

Ver *Doce hombres sin piedad* de cando en vez resulta bo para medir o valor das nosas palabras e transixir cos nosos prexuizos. Das novidades destes últimos meses hai varios filmes que me gustaron. 'O que arde' é un deles.

→ Unha serie

Monthy Python's Flying Circus é unha das máis divertidas que atopei. Xenial para explorar os límites do humor.

→ Un libro

Dos que estou lendo estes días paréceme especialmente acaído *Breviario de podredumbre* de Cioran.

→ **Un disco** As sucesivas execucións de Glenn Gould das *Variacións Goldberg*

desde mediados da década dos 50 até 1981 son unha aproximación sensorial á beleza.

→ **Unha alternativa**

El Incal de Jodorowsky e Moebius, ou *From Hell* de Alan Moore e Eddie Campbell son dúas boas opción de lecer. En todo caso, o meu consello é estar aberto a desfrutar. Iso lévanos a valorar a cultura.

